2022_CCP_01_000312	COLEGIO DE INGENIEROS DE CAMINOS CANALES Y PUERTOS	Q28****9I	INTERVENCIÓN DENDE A ENXEÑERÍA E RECUPERACIÓN DOS CAMIÑOS DO NORTE NA PROVINCIA DE LUGO	LUGO	NON SE CUMPREN OS PUNTO 1 E 3 DAS BASES DA CONVOCATORIA "EN XERAL PODERÁN SOLICITAR SUBVENCÍONS AO AMPARO DESTA CONVOCATORIA AS ENTIDADES CULTURAIS (OS ESTATUTOS DEBERÁN RECOLLER ESES FINS EXPRESAMENTE LEGALMENTE CONSTITUÍDAS DA PROVINCIA DE LUGO (ENTÉNDASE CON SEDE E/OU DELEGACIÓN SOCIAL NA PROVINCIA), ADAPTADAS Á NORMATIVA VIXENTE, QUE CAREZAN DE FINALIDADE DE LUCRO, QUE DESENVOLVAN A SÚA ACTIVIDADE NO ÁMBITO TERRITORIAL DA PROVINCIA, QUE OS BENEFICIARIOS FORMEN PARTE DO CONXUNTO DEMOGRÁFICO LUCENSE E SEMPRE QUE AS ACCÍONS QUE DESENVOLVAN CUMPRAN O

					<i>OBXECTO ÍNTEGRO DESTAS BASE.</i>
2022_CCP_01_000320	ASOC SENIOR TELEFONICA LUGO	G27****82		LUGO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022
2022_CCP_01_000354	ASC CULTURAL AIRIÑOS DE ORBAZAI	G27****79	CLASES DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL E FOLIADA DE ORBAZAI	LUGO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022
2022_CCP_01_000367	ASOC. SOCIEDAD FILATÉLICA LUCENSE	G01****73	EXPOSICIÓN E EDICIÓN DE SELOS	LUGO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.
2022_CCP_01_000385	ASOC DE VECINOS DE SAN ANDRES DE CASTRO	G27****67	VIAXE CULTURAL	LUGO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.
2022_CCP_01_000409	ASOC.PADRES DE ALUMNOS CEIP SAN XOAN BECERREA	G27****29	OBRADOIROS DE MÚSICA TRADICIONAL	LUGO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.

2022_CCP_01_000416	APA COL NAL MIXTO LAS MERCEDES	G27****01	VIAXES CULTURAI	LUGO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.
2022_CCP_01_000417	ANPA CEIP LUIS PIMENTEL TRISCOS	G27****7	SAMAÍN E MAGOSTO, NADAL, ENTROIDO, LETRAS GALEGAS	LUGO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.
2022_CCP_01_000428	ASC CIDADA CONTRA A LETRA PEQUENA (A.C. CON LUPA)	G27****85	VIAXES CULTURAI	LUGO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.
2022_CCP_01_000451	AA.VV. BENADE CALBRAVA	G27****41	VIAXES CULTURAI	LUGO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON SE SUBSANARON AS DEFICIENCIAS SINALADAS NO REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-22
2022_CCP_01_000452	AA.MM.RR. ALFINETE	G67****35	VIAXES CULTURAI	LUGO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON SE SUBSANARON AS DEFICIENCIAS SINALADAS NO REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-22

2022_CCP_01_000454	ASOC PRESTADORA DE SERVICIOS A XUVENTUDE SAGRADO CORAZON	G27****4	LUGO COA COMEDIA	LUGO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON SE SUBSANARON AS DEFICIENCIAS SINALADAS NO REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-22
2022_CCP_01_000457	APA GRUPO ESCOLAR QUIROGA BALLESTEROS	G27****70	FESTA DOS MAIOS	LUGO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-22.
2022_CCP_01_000033	ASOC AS SAN LUCAS	G27****33	ENCONTRO FOLCLÓRICO AS SAN LUCAS	MONDOÑEDO	SEGUNDO O PUNTO 3 DAS BASES DA CONVOCATORIA "ASÍ MESMO QUEDAN EXPRESAMENTE EXCLUÍDAS DESTA CONVOCATORIA AQUELAS ASOCIACIÓNS CULTURAIAS QUE TEÑAN NO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO DA ANUALIDADE 2022 UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA PARA A MESMA ACTIVIDADE".
2022_PES_03_005276	CORAL POLIFONICA XUNTANZA	G27****03	CIRCUÍTO ACTUACIÓNS CORAL	MONFORTE	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.

2022_CCP_01_000361	ANPA DEL CEIP DE MONTERROSO	G27****8	CONCERTO	MONTERROSO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.
2022_CCP_01_000390	ASOCIACION CULTURAL OS FALCATRUEIROS DE MONTERROSO	G27****55	CLASES DE DANZA GALEGA	MONTERROSO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.
2022_CCP_01_000411	AGROCUIR DA ULLOA	G27****55	FESTIVAL AGROCUIR DA ULLOA	MONTERROSO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.
2022_CCP_01_000038	ASOC CULTURAL O CRUCEIRO	G27****31	CINE DE VERÁN AO AIRE LIBRE	OUTEIRO DE REI	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA "NESTA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE SOLICITANTE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE"
2022_CCP_01_000156	ASOC. VECIÑAL AGUIAR	G27****21	DIGITALIZACIÓN ARCHIVOS HISTÓRICOS	OUTEIRO REI	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON SE SUBSANARON AS DEFICIENCIAS SINALADAS NA NOTIFICACIÓN ENVIADA O 26 DE ABRIL DE 2022, E DOS ARTIGOS 29, 40, 41 E 43 DA LEI 39/2015.

2022_CCP_01_000196	ASOC CULTURAL O CRUCEIRO	G27****31	CURSO DE XABÓNS NATURAIS E ECOLÓXICOS	OUTEIRO DE REI	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA "NESTA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE SOLICITANTE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE"
2022_CCP_01_000374	ASOC. O MUIÑO VELLO DE MATELA	G27****51	VIAXE CULTURAL	OUTEIRO DE REI	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022
2022_CCP_01_000382	CENTRO CULTURAL PENAS DE RODAS DE OTERO DE REY	V27****34		OUTEIRO DE REI	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-22

2022_CCP_01_000465	ASOC.VECIÑAL STA.MARTA DE SAN XOAN DE SILVARREI	G27****22	TALLER DE RECICLADO E RESTAURACIÓN	OUTEIRO DE REI	SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA "QUEDAN EXPRESAMENTE EXCLUÍDAS DESTA CONVOCATORIA AS AXUDAS E OS GASTOS PARA A PROMOCIÓN, FOMENTO E DIFUSIÓN DA ARTESANÍA, SEGUNDO AS CONSIDERACIONES "PARA ACTIVIDADES ARTESANAIS" RECOLLIDAS NA ORDE DO 12 DE ABRIL DE 2017 POLA QUE SE REVIS A RELACIÓN DE ACTIVIDADES ARTESÁS RECOLLIDAS NO ANEXO IV DO DECRETO 218/2001, DO 7 DE SETEMBRO, POLO QUE SE REFUNDE A NORMATIVA VIXENTE EN MATERIA DE ARTESANÍA. EN CONSECUENCIA, NON SE SUBVENCIONARAN AS ACCIÓNS E ACTIVIDADES ARTESANAIS RECOLLIDAS NA REFERIDA ORDE, DE ACORDO COAS DIVISIÓNS E DENOMINACIÓNS REFLECTIDAS NA CITADA ORDE".
2022_CCP_01_000466	ASOC.VECIÑAL STA.MARTA DE SAN XOAN DE SILVARREI	G27****22	VIAXE CULTURAL	OUTEIRO DE REI	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA "NESTA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE SOLICITANTE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE"

2022_CCP_01_000467	ASOC.VECIÑAL STA.MARTA DE SAN XOAN DE SILVARREI	G27****22	FESTIVAL DE TEATRO	OUTEIRO DE REI	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA "NESTA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE SOLICITANTE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE"
2022_CCP_01_000469	ASOC.VECIÑAL STA.MARTA DE SAN XOAN DE SILVARREI	G27****22	BAILES DE SALÓN	OUTEIRO DE REI	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA "NESTA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE SOLICITANTE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE"
2022_PES_03_005297	APA DEL COLEGIO PÚBLICO DE PIEDRAFITA DO CEBREIRO	G27****68	OBRADOIROS: INFORMÁTICA, COCIÑA TRADICIONAL, MANUALIDADES, XOGOS TRADICIONAIS.	PIEDRAFITA	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022
2022_CCP_01_000106	ASOC DE VECINOS MARIA CASTAÑA	G27****67	CELEBRACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS	POBRA DO BROLLÓN	SEGUNDO O PUNTO 3 DAS BASES DA CONVOCATORIA "ASÍ MESMO QUEDAN EXPRESAMENTE EXCLUÍDAS DESTA CONVOCATORIA AQUELAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS QUE TEÑAN NO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO DA ANUALIDADE 2022 UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA PARA A MESMA ACTIVIDADE".

2022_CCP_01_000352	ASOCIACIÓN QUIROGA EN MARCHA	G27****34	MUSEO AO AIRE LIBRE	QUIROGA	SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA A NATUREZA DA ACTIVIDADE SOLICITADA NON É UN GASTO CORRENTE, POLO QUE NON É SUBVENCIONABLE NESTA LÍNEA DE SUBVENCÍONS E DE ACORDO AO ESTABLECIDO NOS PUNTOS 10 E 17 DAS BASES DA CONVOCATORIA
2022_CCP_01_000476	FUNDACIÓN LEGAR PARA A PRESERVACIÓN DA MÚSICA DE RAÍZ	G67****35	OBRADOIROS SOBRE A HISTORIA DA MÚSICA E DOS SEUS INSTRUMENTOS	QUIROGA	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022
2022_CCP_01_000331	APA COLEGIO P OTERO PEDRAYO DE RABADE	G27****49	OBRADOIROS DE COCIÑA TRADICIONAL, BAILE E MANUALIDADES	RÁBADE	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.

2022_CCP_01_000441	ASOC MUSICO CRISANTO	G27****97	REENCONTRO COS AVÓS	RÁBADE	SEGUNDO O PUNTO 3 DAS BASES DA CONVOCATORIA "ASÍ MESMO QUEDAN EXPRESAMENTE EXCLUÍDAS DESTA CONVOCATORIA AQUELAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS QUE TEÑAN NO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO DA ANUALIDADE 2022 UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA PARA A MESMA ACTIVIDADE".
2022_CCP_01_000419	ASOC. DE NAIS E PAIS DE ALUNOS/AS A FAXARDA DO C.E.I.P. GREGORIO SANZ	G27****42	OLIMPIADA XOGOS POPULARESX, XOGAR TAMÉN CONTA	RIBADEO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA "NESTA CONVOCATORIA CADA ENTIDADE SOLICITANTE PODERÁ FORMULAR UNHA ÚNICA SOLICITUDE"
2022_CCP_01_000450	AGRUPACIÓN CULTURAL FRANCISCO LANZA	G27****62	VIAXE CULTURAL	RIBADEO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.
2022_CCP_01_000334	AA.VV. SANTA COMBA DE ÓRREA	G27****28	VIAXE CULTURAL, ALMANAQUE, CHARLAS HISTORIA DA PARROQUIA, ELABORACIÓN PÁXINA WEB, REPRESENTACIÓN TEATRAL	RIOTORTO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022, E DOS ARTIGOS 29, 40, 41, 42, 66, 67 E 68 DA LEI 39/2015.

2022_CCP_01_000475	ASOC ARRINCADEIRA	G27****10	EDICIÓN E IMPRESIÓN LIBRO SOBRE RIORTORTO	RIORTORTO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.
2022_CCP_01_000388	LA UNION DE SARRIA	G27****23		SARRIA	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.
2022_CCP_01_000306	CIRCULO CULTURAL RECREATIVO SAVIÑAO	G27****63	ACTUACIÓN S MUSICAIS E TEATRAIS	SAVIÑAO,O	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022
2022_PES_03_005498	ASOC "OS D'EIQUI"	G27****13	CURSOS DE BAILE, CANTO PERCUSIÓN E GAITA	TABOADA	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022.
2022_CCP_01_000311	ASOC DE VECIÑOS DE SAN ROMAN DO VICEDO	G27****41	ETOLOXÍA E MANEXO DO CABALO PURA RAZA GALEGA NO MEDIO RURAL	VICEDO,O	SEGUNDO O PUNTO 1 DAS BASES DA CONVOCATORIA, Á ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA A AXUDA NON É CONSIDERADA UNHA ACTIVIDADE CULTURAL.

2022_CCP_01_000420	AA.VV. SANTIAGO DE SANCOVADE	G27****55	XUNTANZA VECIÑAL	VILALBA	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022 E DOS ARTICULOS 29, 40, 41 E 43 DA LEI 39/2015.
2022_CCP_01_000342	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA DE ARBOL	G27****81	OBRADOIROS DE MÚSICA TRADICIONAL, TEATRO, MANUALIDADES	VILALBA	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022
2022_CCP_01_000471	ASOCIACION RECREATIVO CULTURAL NAUSTI DE VILALBA	G27****05	OBRADOIRO DE RESTAURACIÓN DE MOBLES ANTIGOS	VILALBA	SEGUNDO O PUNTO 2 DAS BASES DA CONVOCATORIA "QUEDAN EXPRESAMENTE EXCLUÍDAS DESTA CONVOCATORIA AS AXUDAS E OS GASTOS PARA A FORMACIÓN, FOMENTO E DIFUSIÓN DA ARTESANÍA, SEGUNDO AS CONSIDERACIÓN "PARA ACTIVIDADES ARTESANAIS"
2022_CCP_01_000433	A C RIO LANDRO DE VIVEIRO	G27****42	ROMAXE DO BO XANTAR	VIVEIRO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022

2022_CCP_01_000493	ANPA CEIP LOIS TOBÍO	G01****10	OBRADOIROS DE CREATIVIDADE	VIVEIRO	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022
2022_CCP_01_000274	ASOC CULTURAL ROTEIROS DA CARBA	G27****79	DESEÑO, PREPARACIÓN E REALIZACIÓN DE RUTAS DE SENDEIRISMO	XERMADE	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022
2022_CCP_01_000472	ASOCIACIÓN CONSEJO DE MAYORES DE MOMÁN	G27****25	CURSO DE MÚSICA TRADICIONAL	XERMADE	SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES DA CONVOCATORIA NON FOI ATENDIDO O REQUERIMENTO APROBADO POR RESOLUCION DA PRESIDENCIA DE DATA 20-4-2022

Lugo, 30 de setembro de 2022.- O Secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2800

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

POL-CASTROVERDE.- CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO AZÚMARA, ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-1611 "CINTURÓN COMARCAL", P.K. 106+500 A 107+887. (EXPTE GTM: 2022/CON_02/000069)

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 07 de outubro de 2022.- O PRESIDENTE, JOSÉ TOMÉ ROCA, por decreto de data 26-07-2019.- O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2868

CONCELLOS CASTROVERDE

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 12/2022.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2022 aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito num. 12/2022, na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 4 de outubro de 2022.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2820

CERVO

Anuncio

Faise público o Texto Regulador do Prezo Público e Réxime do Servizo de uso de material reprodutor de audio guías para visitas turísticas e culturais do Concello de Cervo, que foi aprobado polo Pleno de 28 de xullo de 2022, facendo constar que contra o mesmo pódese interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende a publicación, quedando redactado nos seguintes termos:

Artigo 1.

Ao amparo do previsto nos artigos 41 do Real Decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais este concello establece a prezo público polo uso do material reprodutor das audioguías para a promoción turística e cultural de CERVO, que se rexerá pola seguinte ordenanza.

A actividade se enmarca dentro da competencia legalmente atribuída polo artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Artigo 2.

Están obrigados ao aboamento da prezo público regulada nesta ordenanza quen se beneficien dos servizos ou actividades prestados eu realizados polo concello, a que se refire no artigo anterior, é dicir, quen solicite o alugueiro das audioguías turísticas do Concello de Cervo.

Artigo 3.

A contía da prezo público regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:

1.- Alugueiro de material reprodutor de audioguías para visitar os recursos de interese turístico e cultural municipal:

Prezo do servizo por persoa: 2,00€

2.-Aplicaranse bonificacións especiais do 100% da tarifa aos seguintes grupos:

- Menores de 12 anos.

- Grupos de visitantes de centros educativos.

- En todos aqueles casos que se considere necesario por ter un especial valor social ou repercusión na promoción turística e cultural do concello, poderá acordarse mediante Decreto da Alcaldía, previo informe acreditando tal circunstancia do responsable de área correspondente.

Artigo 4.

A obriga de aboamento da prezo público regulada nesta ordenanza comeza no intre no que o usuario solicita o uso dos servizos ou actividades especificados no artigo anterior. O aboamento efectuarase cando a Oficina Municipal de Turismo facilite o material reprodutor da audioguía á persoa que o solicite.

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago, o servizo ou actividade non se preste ou desenrole, procederase á devolución do importe correspondente.

O traballador municipal designado deberá efectuar informe sobre a identificación dos usuarios, datas, importe de recadación e calquera outras incidencias que poidan xurdir, con periodicidade mínima mensual. Tal informa acompañará a conta xustificativa de recadación que será presentada á Tesourería Municipal, xunto co xustificante de ingreso en conta bancaria de titularidade municipal, dentro dos primeiros quince días seguintes á finalización de cada mes natural.

Artigo 5.

A descarga da audioguía será gratuíta e farase desde un enlace á web municipal.

O alugueiro do material (auriculares e tarxetas) levarase a cabo no lugar a tal fin habilitado e sinalizado polo Concello e durante o horario de apertura ao público establecido nese momento.

Poderán facerse reservas previas para grupos e/ou particulares a través dos medios habituais, sendo necesaria a confirmación por parte do concello para validar estas reservas.

Os grupos non superarán o 85% do total de dispositivos dispoñibles, salvo excepcións xustificadas.

Informarase claramente aos usuarios do funcionamento do servizo, así como das condicións de alugueiro dos equipos, estando esta información tamén dispoñible en lugar visible nos lugares que o Concello determine, web municipal e demais medios nos que se informe sobre o servizo de audioguías. A sinatura do formulario de alugueiro supón a aceptación destas condicións por parte do usuario.

Para o alugueiro do material reprodutor de audioguías, os solicitantes deberán presentar o seu DNI no lugar que o Concello determine e asinar un documento (Anexo I) facilitado polo Concello de Cervo no que figuren os datos persoais, hora e data e o compromiso de bo uso do citado material durante o tempo que dure o alugueiro. Incluirase a correspondente cláusula de protección de datos.

O usuario comprométese a coidar o aparello e entregalo en bo estado, tal como o recibiu.

No caso de grupos, o responsable de dito grupo completará o formulario (Anexo II) co seu nome e apelidos, DNI, número de unidades entregadas e os seus códigos de identificación se é o caso, hora, data e sinatura, cláusula de protección de datos, responsabilizándose do material entregado e da súa devolución en correcto estado.

Artigo 6.

A duración máxima deste servizo será dunha hora e media (90 minutos) a partir da sinatura do formulario onde queda reflectida a hora de inicio do aluguer. As horas de devolución adaptaranse aos horarios das instalacións designadas a estes efectos e establécese un límite para realizar o alugueiro de unha hora e media antes do peche de ditas instalacións.

As persoas que utilicen o material reprodutor das audioguías deberán entregar estas no mesmo lugar onde as recolleron antes de que acabe o tempo.

Artigo 7.

Este servizo, alugueiro de material reprodutor de audioguías, cumprirá sempre a normativa vixente, especialmente no relativo a medidas de seguridade e hixiene para garantir o seu uso. Do mesmo xeito, os usuarios deberán seguir as instrucións específicas para cumprir cos protocolos de seguridade e hixiene establecidos polas autoridades competentes. Estas medidas formarán parte da información que se da aos usuarios así como da cartelería e demais medios de difusión empregados.

Artigo 8.

A non devolución do material reprodutor por parte dos usuarios será considerada subtracción, será denunciado ante as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

O presente Acordo Regulador de Prezo Público, entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia continuando a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Cervo, 4 de outubro de 2022. O alcalde; Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2821

LUGO

Anuncio

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA DO CONCELLO DE LUGO.

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público través do presente anuncio, o contido do acordo do decreto da Alcaldía número 9296/2022 del día 23/09/2022 polo que se aproban as bases xerais reguladoras dos aspectos técnicos da convocatoria do VIII concurso fotográfico: “Estampas de Paz e Acougo”, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as súas obras.

A continuación insírese o contido da parte dispositiva do mencionado decreto:

Primeiro: aprobar as seguintes BASES REGULADORAS QUE REXERÁN OS ASPECTOS TÉCNICOS DA CONVOCATORIA DO VIII CONCURSO FOTOGRAFICO: “ESTAMPAS DE PAZ E ACOUGO”.

1. Participantes.

Poderá participar no concurso calquera persoa maior de idade que o desexe.

2. Prazo de inscrición.

Desde o 18 de outubro ao 3 de novembro.

3. Temática.

Dentro do arte funerario, na súa máis ampla expresión, a temática versará sobre a simboloxía das construcións funerarias e do patrimonio inmaterial que incorporan relacionadas coa carga emocional que transmiten, así como a especial visión da morte nos cemiterios rurais.

Nesta ocasión circunscríbese ao ámbito xeográfico do Concello de Lugo, abrangendo tanto o Cemiterio Municipal de San Froilán como os cemiterios parroquiais existentes.

4. Obras.

- Cada participante poderá presentar un máximo de tres fotografías inéditas e orixinais para este evento, non podendo estar publicadas en calquera medio con anterioridade á data de convocatoria.
- Cada fotografía achegarase impresa en soporte ríxido (cartón pluma ou similar) en formato 30 x 40 cm ou superficie equivalente aproximadamente. Cada fotografía irá acompañada do seu arquivo dixital.
- A persoa concursante indicará o título que decida darlle a cada fotografía ou dun texto para incluír nun posible catálogo ou recopilatorio, no seu caso (máximo de 20 palabras en galego).
- As fotografías poderán ser en cor ou branco e negro.
- As obras que se presenten ao concurso irán acompañadas ademais dun arquivo dixital da fachada do cemiterio do que procedan, indicando a súa denominación e localización.

5. Presentación.

- Os traballos presentaranse nas oficinas da Sección de cemiterio ubicadas no Centro de Servizos municipais, ou por correo certificado, ata as 14 horas do día 3 de novembro.
- No caso de que se presenten por correo certificado, deberase remitir, dentro do prazo indicado, un xustificante desta presentación, por fax (982 297 108) ou correo electrónico (cemiterio@lugo.gal)
- Irán nun único sobre dirixido ao Negociado de cemiterio coa seguinte indicación: VII Concurso Fotográfico Cemiterio de San Froilán “Estampas de Paz e Acougo” e un pseudónimo co que se inscribirá nunha relación numerada de obras que se presentan para o concurso.
- O sobre conterá outros dous sobres pechados: O sobre A coas obras que se presentan a concurso, en formato papel e dixital segundo o especificado na base 4; e o sobre B que conterá os datos do concursante: nome e apelidos, número de documento de identidade, enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico.

6. Xurado.

O xurado estará composto por tres membros: unha persoa do Servizo de Cultura do Concello de Lugo, unha persoa da Sección de Cemiterio e unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito da fotografía.

O xurado resolverá calquera incidencia que puidese xurdir durante o concurso e terá plena potestade para interpretar estas bases.

Poderá declarar deserto o premio se considera que as obras presentadas non reúnen as calidades artísticas mínimas.

O seu fallo é inapelable e definitivo e será publicado no Taboleiro de Edictos do concello, na súa páxina web <http://www.concellodelugo.gal>, e nas redes sociais.

7. Criterios de valoración.

7.1-Técnica . Valorarase a maestría no uso da técnica fotográfica (exposición, uso do diafragma, velocidade, sensibilidade, profundidade de campo, etc.)

7.2 Composición. Valorarase a composición da obra, puntos de atención, reparto dos pesos visuais e visión de conxunto.

7.3 Mensaxe. Dentro da temática á que se circunscribe a presente convocatoria, acada un valor importante a mensaxe captada coa cámara relacionada coa carga emocional, así como a súa relación coa especial visión da morte nos cemiterios rurais.

7.4 Habilidade. Valorarase neste epígrafe as especiais habilidades, coñecementos ou aptitudes investidos para a captación da imaxe.

CRITERIOS VALORACION	PUNTOS
1- Técnica.	de 1 a 10
2- Composición.	de 1 a 10
3- Mensaxe.	de 1 a 20
4- Habilidade.	de 1 a 10
Total puntos.	50 puntos

8. Premios.

Establécense os seguintes:

Primeiro premio, dotado de 600 euros.

Segundo premio, dotado de 400 euros.

Terceiro premio, dotado de 200 euros.

Aos indicados importes practicaráselles a retención que proceda segundo a normativa legal vixente.

A entrega de premios realizarase no lugar e data que publicamente se indique.

9. Dereitos de autor

As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo. As obras non premiadas poderán ser retiradas polas persoas concursantes entre o 1 e o 31 de xaneiro. Os traballos non premiados que non se retiren no prazo antedito pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo.

Os autores e autoras das obras enviadas autorizan ao Concello para a súa reprodución, así como para a súa difusión, publicación e utilización para fins públicos, sempre con mención da súa autoría e respectando os dereitos de autor.

10. Aceptación das bases.

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das presentes bases e a manifestación de que a obra presentada é inédita e orixinal para este evento e que a persoa concursante é a súa única autora e titular de todos os dereitos de autor.

11. Exposición das Fotografías.

Co fin de contribuir á promoción do Cemiterio de San Froilán como un espazo de intercambio cultural, as fotografías presentadas poderán ser obxecto de exposición pública no lugar, data e horas que se indiquen a través dos medios de difusión e na páxina web do Concello <http://www.concellodelugo.gal>

12. Prazo máximo para resolver.

O prazo máximo para resolver este procedemento remata o venres día 18 de novembro de 2022.

Segundo. Convocar o VIII Concurso Fotográfico: “*Estampas de Paz e Acougo*”, conforme ao disposto nas devanditas bases.

Terceiro. Aprobar o gasto por un importe de 1 200 euros para o financiamento dos premios establecidos na base 7 das devanditas bases, con cargo á aplicación orzamentaria 16400.48101.RC 202200007981 do vixente orzamento municipal.

Cuarto. Publicar a dita convocatoria e as anteditas bases no Taboleiro de Edictos, no Taboleiro do Cemiterio, na páxina web, na Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS, así como en calquera outro medio que contribúa á súa difusión.

Lugo, 30 de setembro de 2022.- **A Tenenta de Alcaldesa de Participación e Servizos para a veciñanza do Excmo. Concello de Lugo**, M. Cristina López Fernández.

R. 2856

POL

Anuncio

SUMARIO

Acordo do Pleno do Concello de Pol polo que se aproba provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal que máis abaixo se detalla.

TEXTO

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, acordou a aprobación provisional da modificación da seguinte Ordenanza fiscal reguladora de:

- Taxa do Punto de Atención á Infancia de Pol.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <http://concellopol.sedelectronica.gal>.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o devandito acordo.

En Pol a 6 de outubro de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2853

RIBADEO

Anuncio

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE PERSOAL OFICIAL 2ª ALBANEL PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE SUBSTITUCIÓN DE PERSOA TRABALLADORA DESTE CONCELLO CON CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.

1.- Obxecto da convocatoria.-

O obxecto da convocatoria é a selección de persoal oficial 2ª albanel para contratación laboral temporal en réxime de substitución de persoa traballadora (posto 1022/5 da RPT municipal vixente), con constitución igualmente de bolsa de traballo.

2.- Normativa aplicable.-

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións:

RDL 5/2015, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Lei 2/2015, de 25 de abril do emprego público de Galicia.

Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña á Lei 2/2015, de 25 de abril do Emprego de Galicia.

Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das AA.PP.

Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

3.- Funcións do posto.-

As funcións serán as recollidas na vixente RPT municipal sinalándose xenéricamente a prestación de servizos de albanería nas áreas municipais de Obras e infraestruturas, cemiterios municipais, medio ambiente, etc. así como calquera outra función propia da categoría e baixo a superior dirección dos responsables municipais dos correspondentes servizos da entidade.

4.- Publicidade.-

A presente convocatoria e bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Ribadeo, sede electrónica da páxina web do Concello www.ribadeo.gal e BOP de Lugo.

5.- Requisitos dos/as aspirantes.-

Poderán participar os/as aspirantes que reúnan, á data de remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Xerais:

Os establecidos con carácter xeral para o acceso á función pública no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Específicos:

Estar en posesión do certificado de escolaridade, de estudos primarios, Graduado Escolar, Graduado en ESO ou calquera titulación equivalente ou superior.

Deberán estar igualmente en posesión do carné de conducir da clase B1.

6.- Presentación de instancias.

Os/as interesados/as en participar presentarán instancia facendo constar que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello de Ribadeo.

Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do concello no prazo de **10 días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases coa convocatoria deste procedemento no **Boletín Oficial da Provincia de Lugo**.

Dereitos de Exame: Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ingresar na conta bancaria a nome do Concello IBAN nº ES40 0081 5420 3100 0100 0705 a taxa por dereitos de exame prevista na Ordenanza municipal T7 da taxa por expedición de documentos, epígrafe 8º (BOP de Lugo nº 177 de data 04/08/2022) **por importe de 15,00 €**, debendo aportar xustificante deste ingreso xunto coa solicitude de participación.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Ribadeo e web municipal.

A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo ou en calquera das formas establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP. As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

Ás instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

-Fotocopia compulsada do DNI/NIF ou pasaporte.

Ademais, os aspirantes extranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

-Fotocopia compulsada do carné de conducir.

-Declaración responsable na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais exixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia)

-Copia compulsada dos méritos e circunstancias alegadas.

-Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

7.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de dous días hábiles pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación no seu caso dos motivos de exclusión.

Dita resolución publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na sede electrónica da páxina web do concello www.ribadeo.gal

Na publicación farase constar, apelidos e nome así como, no seu caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

Os/as aspirantes excluídos disporán dun prazo de (2) dous días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para subsanar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións a lista de admitidos/as quedará elevada automaticamente a definitiva.

No suposto de producirse reclamacións deberá dictarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa e publicarase a lista definitiva no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

8.- Organo de selección.-

Presidente: Titular: Un funcionario que terá a categoría como mínimo do subgrupo C2 ou empregado laboral fixo de similar categoría e o seu suplente.

Vogais: Titulares: Tres funcionarios coa categoría como mínimo do Subgrupo C2 ou empregados laborais de carácter fixo de similar categoría e os seus suplentes.

Secretario con voz e sen voto: Titular: O Secretario Xeral do Concello e o seu suplente correspondente.

A composición persoal deste órgano de selección será aprobada por Resolución da Alcaldía que se exporá ao público no tablón de anuncios do Concello aos efectos legais oportunos.

9.- Sistema de selección.

O sistema de selección será: Concurso – oposición.

1) Oposición. Probas.-

Proba teórica

Exercicio obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas que versará sobre aspectos de coñecementos xerais sobre a Constitución Española, o funcionamento dun concello e o procedemento administrativo básico así como sobre coñecementos específicos en relación as funcións a desenvolver no posto de traballo e prevención de riscos laborais, segundo o temario que se indica a continuación:

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos.

Cualificarase de 0 a 10 puntos. Cada resposta acertada terá un valor de 0,5 puntos.

As respostas incorrectas ou mal contestadas non descontarán.

Temario.

Tema 1.- A constitución española de 1978. Principios Xerais.

Tema 2.-Organización municipal. Competencias dos Concellos. O Pleno, O Alcalde.Especial referencia ao Concello de Ribadeo (Parroquias, núcleos de poboación,servicios municipais).

Tema 3.- Procedemento Administrativo Local. O rexistro de entrada e saída de documentos

Tema 4.- Dereitos e deberes dos empregados públicos. Retribucións, permisos, licenzas, incompatibilidades.

Tema 5.- O Concello de Ribadeo (Parroquias existentes, núcleos de poboación, rúas da vila, servizos municipais).

Tema 6.-Prevención de accidentes laborais: Dereitos e obrigas do empresario e dos traballadores. Primeiros auxilios no caso de accidentes de traballo.

Tema 7.- Construcción de paredes de ladrillos, diferentes tipos. Revestimentos de paredes e traballos complementarios de albanería: Apertura de rozas, apertura de ocos.

Tema 8. Reformulos. Cementos, estrutura, muros e peches. Trazados de aliñacións, interpretación de planos, escalas e cotas. Aparellos e ferramentas manuais de medida.

Tema 9.- Cementos: Clases. Fraguado y endurecemento. Resistencia. Morteiros: Definición. A súa preparación con medios manuais e mecánicos. Utilidades dos morteiros: Tipos, dosificacións e nomenclaturas. Aplicacións dos diferentes tipos.

